



## Formación profesional

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
36020337	IES Salvaterra de Miño	2019-2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
CMFME02	Ciclo formativo de grao medio de Soldadura e caldeiraría

### Módulo profesional e Unidades formativas

Código	Nome
MP0096	Formación e Orientación Laboral
MP0096_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego
MP0096_12	Prevención de riscos laborais

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Xeral-Ordinario	Presencial	1º

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Yago Peleteiro Rajoy

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
11	A PREVENCIÓN DE RISCOS: CONCEPTOS BÁSICOS			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das industrias transformadoras do metal.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test



Nº	Unidade didáctica			
12	A PREVENCIÓN NA EMPRESA			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	S	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.</li> </ul>	S	S	Traballo Práctico

Nº	Unidade didáctica			
13	FACTORES DE RISCO			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.</li> </ul>	N	N	



	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	N	N	
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test e Traballo práctico
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.</li> </ul>	N	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test e Traballo práctico



Nº	Unidade didáctica			
14	EMERXENCIAS E PRIMEIROS AUXILIOS			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.</li> </ul>	N	N	
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.</li> </ul>	S	N	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.</li> </ul>	S	S	Cuestións tipo Test

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para alcanzar a avaliación positiva e superar o curso, precísase acadar os criterios de avaliación mínimos exigibles da primeira e segunda avaliación impartidos antes da declaración do estado de alarma decretado o 14 de Marzo.

A cualificación do terceiro trimestre será o resultado de aplicar a porcentaxe de consecución dos criterios de avaliación que se desenvolverán neste trimestre ata un máximo de dous puntos, que serán sumados a cualificación obtida na ensinanza presencial de modo que un 100% de consecución nos resultados de aprendizaxe sumarán dous puntos, segundo o seguinte criterio:

- Ter todos os traballos entregados en prazo sumará 1 punto. Se non están todos entregados sumarase a parte proporcional, é dicir, se un alumno/a ten entregados en prazo 10 traballos dos 15 pedidos polo profesor, este alumno/a tería neste apartado un  $10/15 = 0,67$  puntos
- A nota media de todos os traballos sumará ata un máximo de 1 punto. Neste apartado sumarase a nota de todos os traballos pedidos e farase a media. Os traballos non entregados puntuarán 0 puntos.

Se o alumno/a do caso anterior, que entrega 10 traballos de 15 pedidos, e ten unhas notas de: 7, 8, 4, 5, 10, 9, 7, 6, 8, 3. Faríase a media sobre o total de traballos pedidos  $(7+8+4+5+10+9+7+6+8+3)/15 = 4,46$  sobre 10 e dicir, tería 0,446 puntos neste apartado.

- Finalmente a nota final será o resultado de facer a media da 1ª e 2ª avaliacións e a esta media matemática sumarlle a cualificación obtida segundo o apartado anterior, aplicando aproximación por redondeo a unidade a nota final. Se o alumno/a dos casos anteriores na primeira avaliación obtivo un 6 e na segunda obtivo un 7 a nota final sería:

$(6+7)/2 = 6,5 + 0,67 + 0,446 = 7,616$  Redondeando **NOTA FINAL 8**

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº		Unidade didáctica		
1		O DEREITO DO TRABALLO		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico



Nº		Unidade didáctica		
2		O CONTRATO DE TRABALLO		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico

Nº		Unidade didáctica		
3		A XORNADA DE TRABALLO		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico

Nº		Unidade didáctica		
4		O SALARIO E A NÓMINA		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico

Nº	Unidade didáctica			
5	MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico

Nº	Unidade didáctica			
7	AS PRESTACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico
	X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.</li> </ul>	Traballo Teórico-Práctico

Nº	Unidade didáctica			
8	ORIENTACIÓN LABORAL			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.</li> </ul>	Traballo Práctico
	X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	Traballo Práctico



	X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.</li> </ul>	Traballo Práctico
	X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</li> </ul>	Traballo Práctico

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para recuperar as avaliacións non superadas e obter unha nota de 5 nesas avaliacións suspensas, o alumnado deberá entregar todos os traballos non entregados ou non superados da primeira e da segunda avaliación antes do 12 de xuño (Traballos solicitados antes de se decretar o estado de alarma) e obter unha nota mínima de 5 en cada un deles.  
 Unha vez recuperadas a primeira e segunda avaliación, séguense os criterios de cualificación establecidos no apartado 5.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Para o alumnado con Perda de Dereito á Avaliación Continua, deberán entregar todos os traballos non entregados ou non superados da primeira e da segunda avaliación antes do 12 de xuño (Traballos solicitados antes de se decretar o estado de alarma) e obter unha nota mínima de 5 en cada un deles.  
 Unha vez realizados e superados todos os traballos da primeira e segunda avaliación, séguense os criterios de cualificación establecidos no apartado 5.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Establécense as seguintes medidas de reforzo para que o alumnado poida acadar os mínimos imprescindibles previstos nesta programación:  
 - Supervisión e colaboración por parte do profesorado, para a realización de actividades programadas nas que puidesen atopar especial dificultade, con explicacións máis individualizadas. O seguimento farase a través do intercambio telemático de mensaxes profesorado-alumnado e alumnado-profesorado mediante a Aula Virtual do Instituto, correo electrónico, ou ben por Telegram.